

Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal

**RIS3T
2021-2027**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

4

METODOLOXÍA

6

ANÁLISE DAFO DO SISTEMA DE INNOVACIÓN DA EURORREXIÓN

8

VISIÓN COMPARTIDA E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

10

**ÁREAS PRIORITARIAS DE COOPERACIÓN NO
EIDO DA ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE**

12

**ACCIÓNS DE IMPLEMENTACIÓN
E INSTRUMENTOS**

14

MODELO DE GOBERNANZA

16

**SISTEMA DE SUPERVISIÓN
E AVALIACIÓN**

18

INTRODUCCIÓN

A introdución da especialización intelixente (S3) como elemento esencial da reforma de 2014 da política de cohesión da Unión Europea (UE) representou un importante xiro estratéxico no xeito en que a UE aborda o desenvolvemento rexional. A Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza (RIS3T) —agora recoñecida como boa práctica— foi adoptada como mecanismo para fomentar a cooperación e as iniciativas conxuntas en eidos de interese común. O proceso estratéxico conxunto iniciouse no ano 2014 coa creación do Grupo de traballo transfronteirizo, composto por representantes da GAIN e da CCDR NORTE. Esta estratexia deu como resultado a definición dunha visión de futuro compartida, que abranguía a harmonización de obxectivos de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I) e a formulación de prioridades conxuntas e accións de apoio, así como un sistema de avaliación con indicadores para supervisar a

súa aplicación. No contexto da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, o pioneiro enfoque empregado na creación da Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal definiu un marco de cooperación estratéxica para responder de xeito coordinado aos desafíos comúns que, no marco das políticas de innovación, se poidan afrontar de forma máis eficaz e eficiente conxuntamente, mobilizando novas iniciativas e proxectos e incrementando a captación de fondos comunitarios a escala europea. A actualización da Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza Galicia – Norte de Portugal pretende continuar nesta dirección, promovendo unha maior eficacia e repercusión das políticas públicas en materia de innovación na Eurorrexión, asegurando a resposta ás necesidades da transición tripla (verde, dixital e xusta) e a outros condicionantes externos que requiren o fortalecemento da resiliencia.

Con todo, malia a dinámica establecida polo enfoque S3 a escala europea e o coñecemento acumulado sobre esta, persisten desafíos significativos, especialmente no tocante aos mecanismos de operacionalización e de gobernanza, sobre todo no contexto da política de innovación, onde a práctica precede á teoría, como ilustra a S3. Xa que logo, a capacidade de axustar os resultados e os obxectivos das estratexias ás condicións específicas de cada rexión segue a ser un punto de reflexión importante, onde é determinante construír procesos de revisión continua cos *stakeholders*. De aí a importancia de actualizar a «Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal para o período 2021-2027», co obxectivo xeral de promover unha abordaxe coordinada no contexto das estratexias de especialización intelixente, que permita acadar unha maior eficacia e repercusión das políticas públicas en materia de innovación na Eurorrexión.

Esta estratexia presenta os seguintes obxectivos específicos principais:

- 1** Harmonizar as políticas de apoio á innovación a través do aumento da masa crítica científica, tecnolóxica e empresarial da Eurorrexión en ámbitos prioritarios de cooperación.
- 2** Reforzar o impacto das políticas de innovación promovendo sinerxias e complementariedades entre diferentes fontes de financiamento a escala rexional, nacional e europea.
- 3** Promover unha maior captación de fondos de xestión centralizada a escala europea en materia de I+D e innovación, como Horizonte Europa.

METODOLOXÍA

PUNTO DE PARTIDA

O documento base no proceso de elaboración desta estratexia é a RIS3T 2014-2020, ademais das RIS3 rexionais: RIS3 Galicia e RIS3 Norte de Portugal.

FASE PRELIMINAR

Diagnose, mapeamento e consulta dos *stakeholders*.



RIS3T 2014-2020


RIS3 Galicia 2021-2027

RIS3 Norte de Portugal 2021-2027

+200

PROCESO DE ACTUACIÓN PARTICIPATIVO

Os grupos de traballo creados están formados por máis de 200 axentes da Eurorrexión públicos e privados.



DAFO

O proceso de creación conxunta da análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) do sistema de innovación da Eurorrexión, da visión compartida e dos obxectivos estratéxicos para o desenvolvemento da estratexia transfronteiriza de especialización intelixente.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS


Posteriormente, a análise da converxencia estratéxica, que permite determinar os ámbitos prioritarios de cooperación no eido da especialización intelixente, partindo das RIS3 rexionais aprobadas.

ÁMBITOS DE COLABORACIÓN

Deste xeito pódense determinar as actuacións e os instrumentos que permitan orientar a aplicación da estratexia transfronteiriza en cada un dos ámbitos de colaboración previamente identificados.

PROPOSTAS TRANSVERSAIS

Posteriormente, de forma transversal, establécense propostas de apoio á decisión de revisión do modelo e gobernanza e do sistema de supervisión e avaliación.



ANÁLISE DAFO DO SISTEMA DE INNOVACIÓN DA EURORREXIÓN

D

DEBILIDADES

1. Capacidades limitadas de investimento empresarial en I+D, especialmente en pequenas e medianas empresas.
2. Necesidade de melloramento en infraestrutura dixital e en procesos administrativos áxiles que dean apoio á innovación, cunha combinación de políticas axeitada.
3. Desconexión entre a investigación e desenvolvemento e a aplicabilidade práctica no mercado.
4. Complexidade e burocracia, que dificultan a eficiencia administrativa e empresarial.
5. Cultura de innovación aínda incipiente e resistencia ao cambio no tecido empresarial.
6. Formación e capacitación insuficientes do equipo de xestión, especialmente en pequenas empresas.
7. Fragmentación institucional e falta de articulación entre diferentes niveis de gobernanza.
8. Problemas crónicos de relación entre o mundo académico e a industria, que afectan á transferencia de tecnoloxía.

1. Ecosistema robusto de I+D+I fortemente orientado á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico.
2. Excelencia na investigación e no desenvolvemento tecnolóxico, cunha base industrial sólida e orientación cara á exportación.
3. Avances significativos na integración da investigación e desenvolvemento co mercado e cooperación internacional eficaz.
4. Forte harmonización coas axendas estratéxicas de I+D a escala europea.
5. Recoñecemento internacional en varios sectores empresariais, especialmente nas industrias téxtil e automobilística.
6. Capacidade industrial diversificada e complementariedade de sectores estratéxicos.
7. Alto grao de utilización de recursos naturais e patrimoniais únicos como base para o desenvolvemento e a promoción turística.
8. Posicionamento estratéxico e recoñecemento de marca, co apoio de cualificacións avanzadas e especialización no mercado internacional.
9. Cooperación e colaboración eurorrexional ben establecidas dos proxectos comúns entre RIS3T 14-20.
10. Proximidade cultural con mercados de lingua portuguesa e latinos, que facilita a internacionalización.

F

FORTALEZAS

1. Desafíos demográficos, como o descenso da poboación nas zonas rurais e o envellecemento da poboación.

2. Desafíos no investimento e innovación empresarial por mor da dificultade de acceso a crédito e fondos.

3. Globalización e competencia internacional, cunha maior esixencia de integración nas cadeas de valor de I+D+I.

4. Impactos duradeiros da pandemia da COVID-19 na economía e na dinámica do mercado de traballo.

5. Alteracións climáticas que ameazan a sostibilidade das actividades económicas e sociais.

6. Incerteza xeopolítica, que pode afectar á estabilidade económica e á cooperación internacional.

7. Retención da man de obra cualificada, con fuga de talentos a rexións máis competitivas.

8. Polarización social e política, que pode dificultar a posta en práctica de políticas innovadoras.

9. Declive económico a escala europea, que afecta negativamente á capacidade de investimento e crecemento rexional.

10. Competencia desigual cos países non pertencentes á UE, que repercute na competitividade empresarial.

1. Multiplicación de valor pola dupla transición dixital e sostible, coa integración de novas tecnoloxías en cadeas de valor.

2. Diversas oportunidades de financiamento dispoñibles para fomentar a innovación e a industrialización, impulsadas por políticas nacionais e europeas.

3. Colaboración público-privada e internacional, para favorecer a creación de asociacións estratéxicas.

4. Adaptación aos cambios pospandemia, con novas oportunidades de mercado e innovación.

5. Desenvolvemento de modelos de gobernanza colaborativos e posta en valor dos recursos territoriais.

6. Proxectos de promoción conxunta e de creación de clústeres de diferentes sectores para incrementar a competitividade.

7. Sensibilización sobre os beneficios das tecnoloxías dixitais, para acelerar a transformación dixital rexional.

8. Modernización das accesibilidades e conectividades entre rexións, para facilitar a integración económica.

9. Reindustrialización de Europa como estratexia para fortalecer a base industrial e tecnolóxica rexional.

10. Incentivos á mobilidade e retención de talento, principalmente en áreas tecnolóxicas.

VISIÓN COMPARTIDA E OBJECTIVOS ESTRATÉGICOS

OBJECTIVO ESTRATÉGICO RIS3T



CONSOLIDADO



FORTALECER A COLABORACIÓN EN I+D+I DA EURORREXIÓN

Ambas as dúas estratexias reflicten a importancia de reforzar un ecosistema de I+D+I integrado e tecnoloxicamente avanzado, facilitando a colaboración e a transferencia de tecnoloxía para dinamizar o tecido empresarial e industrial das dúas rexións, así como de acadar un equilibrio sostible entre a excelencia en investigación e o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores que respondan ás necesidades aplicadas do mercado mundial.

PROMOVER A ATRACCIÓN E A RETENCIÓN DE TALENTO

Galicia salienta o apoio ao desenvolvemento das capacidades das persoas para aproveitar as oportunidades dun modelo de especialización intelixente e así desenvolver o atractivo da rexión para atraer e reter talentos. De xeito semellante, a RIS3 Norte incluíu como obxectivo transversal a ampliación das cualificacións de todos os segmentos da poboación. Ambas as dúas recoñecen a importancia do capital humano no proceso de innovación e desenvolvemento rexional. Consólidase a orientación cara ao investimento na capacitación continua da poboación, elevando o nivel educativo e técnico para atraer e reter talentos nas dúas rexións, prestando especial atención á equidade de xénero e á inclusión.

«Consolidar un sistema de innovación sólido, que fortaleza a colaboración transfronteiriza na excelencia en I+D e no desenvolvemento de produtos, procesos e servizos que respondan ás necesidades de produción e consumo da Eurorrexión, con escalabilidade ao mercado mundial, atraendo e retendo talento e impulsando o investimento externo para promover un desenvolvemento sostible e mellorar a calidade de vida».

MELLORAR O POSICIONAMENTO MUNDIAL DAS CADEAS DE VALOR

Coa súa estratexia, Galicia pretende impulsar a marca Galicia como un activo para I+D+I, buscando posicionar a rexión no escenario mundial e atraer investimento externo. Pola súa banda, un dos obxectivos do Norte de Portugal é mellorar o posicionamento competitivo a escala mundial, obxectivo común a ambas as dúas rexións, centradas en fortalecer a súa visibilidade e atractivo no contexto internacional. Neste sentido, preténdese reforzar a marca das rexións no escenario mundial, empregando a innovación e un modelo de gobernanza eficaz para atraer investimentos e mellorar a calidade de vida, promovendo a rexión como un lugar de excelencia para vivir, traballar e investir. Así mesmo, preténdese reducir a condición de situación periférica da Eurorrexión no contexto europeo e aumentar o seu atractivo como destino de investimento.

PROMOVER A COHESIÓN REXIONAL E OS RECURSOS ENDÓXENOS


Este obxectivo estratéxico está centrado na promoción da cohesión territorial, especialmente nos territorios fronteirizos, procurando fortalecer a identidade da Eurorrexión, a través da posta en valor dos recursos endóxeos, como os elementos culturais, naturais e patrimoniais, para impulsar a competitividade rexional. Xa que logo, preténdese promover a inclusión social e económica, a través da innovación, a preservación dos recursos e a cooperación institucional.

REFORZAR A CAPACIDADE INSTITUCIONAL E A EFICIENCIA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA NA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA PARA ABORDAR OS DESAFÍOS SOCIAIS COMÚNS

Con este obxectivo, xa contemplado na RIS3T 2014-2020, preténdese facilitar o intercambio de boas prácticas, recursos e coñecementos entre as entidades públicas e institucionais de ambas as rexións, promovendo un enfoque máis integrado e eficaz da gobernanza rexional e da administración dos fondos e proxectos de I+D+I.

ÁREAS PRIORITARIAS DE COOPERACIÓN NO EIDO DA ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE

RIST3
2021-2027



AGRICULTURA E ALIMENTACIÓN

Desenvolvemento de solucións de xestión sustentable dos recursos naturais (por exemplo, a auga) e desenvolvemento de solucións sostibles e de tecnoloxía dixital para a agricultura e a produción de alimentos, prestando especial atención á cooperación rexional, coa ollada posta na excelencia na produción e na sustentabilidade territorial, ao tempo que se fai fronte aos desafíos climáticos e de escaseza de recursos e se promoven prácticas agrícolas sustentables e dixitalizadas.

Fomento da cooperación entre pemes e da creación de redes eficientes para maximizar as iniciativas existentes, poñendo a énfase na atracción e retención de talento novo para revitalizar a industria agroalimentaria.



INDUSTRIA, MOBILIDADE E ENERXÍA

Desenvolvemento de cadeas de valor industriais sostibles e descarbonizadas, baseadas en tecnoloxías avanzadas (por exemplo, nanotecnoloxías e intelixencia artificial), asumindo a transición verde e dixital como elemento central para transformar os procesos industriais.

Fomento da competitividade internacional garantindo unha produción industrial responsable e sostible.

Promoción da produtividade e a innovación co fin de combater o despoboamento e o envellecemento da poboación, contribuíndo significativamente ao PIB e creando empregos cualificados. Deste xeito, a Eurorrexión procura atraer e reter talentos, promover a soberanía tecnolóxica e produtiva, establecer infraestruturas tecnolóxicas avanzadas e unha rede de mobilidade sostible, posicionándose como unha marca de excelencia.



RECURSOS E ECONOMÍA DO MAR

Promoción do coñecemento e explotación sostible dos recursos mariños, integrando biotecnoloxía azul e outras enxeñarías aplicadas, procurando a preservación dos ecosistemas mariños e a promoción dunha economía do mar innovadora e sostible. A abordaxe inclúe a (bio)remediación das zonas contaminadas, o desenvolvemento da acuicultura sustentable e o aproveitamento de enerxías renovables mariñas. Procúrase maximizar o valor dos subprodutos da pesca e da biotecnoloxía mariña promovendo unha economía circular e fortalecendo a dixitalización e a tecnoloxía en mar aberto. Co foco posto na capacitación dos recursos humanos e na colaboración entre o mundo académico e a industria, preténdese crear un ecosistema que poña en valor a biodiversidade mariña e optimice o emprego dos recursos dispoñibles.



SAÚDE E BENESTAR

Promoción da investigación e do desenvolvemento no eido da saúde, así como da cooperación entre o mundo académico e a industria, para a creación de solucións innovadoras que melloren o benestar das persoas e respondan a desafíos coma o envellecemento da poboación e a prevención das enfermidades crónicas. Apostando polo desenvolvemento de tecnoloxías dixitais para a saúde, así como pola medicina preventiva, rexenerativa e de precisión, a rexión pretende crear un ecosistema empresarial sólido.

A utilización da intelixencia artificial e outras tecnoloxías avanzadas é central para transformar os coidados da saúde e garantir un manexo integral e personalizado dos pacientes, promovendo a igualdade de acceso e a calidade dos servizos en todas as rexións.



TURISMO E INDUSTRIAS CREATIVAS

Promoción de novos produtos turísticos baseados na protección e posta en valor dos recursos culturais e naturais e promoción de prácticas turísticas sostibles.

Melloramento da xestión e da promoción dos recursos culturais e naturais empregando tecnoloxías dixitais, e integración do turismo nas comunidades locais, para mellorar a calidade de vida e crear oportunidades económicas.

A dixitalización, internacionalización e mobilidade, aplicadas no marco de estratexias comúns, resultan cruciais para dinamizar o sector e aumentar a competitividade rexional, garantindo unha oferta turística diferenciada e sostible.

ACCIÓNS DE IMPLEMENTACIÓN E INSTRUMENTOS

As vistas agregadas dos resultados de cada área temática revelan padróns recorrentes tanto das accións coma dos instrumentos. As accións propostas máis abaixo consolidáronse para seren aplicables de xeito transversal en varios ámbitos de colaboración, e poderen ser así abordadas de forma integrada e estratéxica. A aplicación destas accións debe ter en conta as particularidades de cada sector, para o que cómpre realizar os axustes precisos co fin de maximizar o impacto e a eficacia das iniciativas postas en marcha:

1 Promoción
da colaboración
en rede

2 Capacitación e
cualificación de
recursos humanos

3 Apoio á innovación
e modernización
tecnolóxica

4 Desenvolvemento
de infraestruturas

5 Promoción de
eficiencia colectiva

6 Optimización
de procesos
administrativos

En resumo, a primeira evidencia clara é a posta en valor, por parte dos participantes, dos instrumentos que van alén da dimensión do financiamento. A énfase —transversal a todos os grupos— na dinamización de espazos para fomentar a colaboración entre o ecosistema, eventos B2B, o desenvolvemento e a modernización de infraestruturas, o melloramento da alfabetización, a capacitación de actores para impulsar candidaturas competitivas e a cualificación de recursos humanos na área temática pon de manifesto a importancia atribuída aos instrumentos *soft*. Isto ficou igualmente demostrado nos instrumentos normativos, cuxo obxectivo é crear un ambiente favorable ao desenvolvemento sostible e innovador. Alén diso, identificáronse os instrumentos de financiamento dispoñibles para apoiar estas mesmas accións, concretamente, Horizonte Europa, POCTEP, INTERREG, EUREKA, IACOBUS e Vanguard Initiative. A estes cómpre engadirllles a relevancia do OE 1.4. cando se adica a actividades relacionadas co desenvolvemento da capacitación do ecosistema. Todas as áreas temáticas poñen en valor a colaboración estreita da Eurorrexión na creación de convocatorias, candidaturas e instrumentos conxuntos coa participación dos *stakeholders*, como un factor decisivo para o éxito das actividades mapeadas. A través da creación conxunta e da participación activa de todas as partes interesadas, garántese que os instrumentos desenvolvidos se axusten verdadeiramente ás necesidades e prioridades rexionais. Este enfoque participativo promove un sentido de pertenza e compromiso entre os *stakeholders* que fortalece

as redes de colaboración e facilita a aplicación e a escalabilidade das iniciativas. O peso significativo que os *stakeholders* teñen neste proceso é, xa que logo, un elemento central para a construción dunha estratexia de especialización intelixente robusta e sostible que realmente dea resposta aos desafíos e oportunidades detectados e que se axuste completamente á literatura xa consolidada e reforzada pola emerxente (Gianelle *et al.*, 2016; Reid *et al.*, 2023; Foray, 2023). Neste contexto, o Instrumento de Investimentos Interrexionais en Innovación («I3 Instrument») pode posibilitar a participación dos *stakeholders*. Por último, cómpre mencionar a literatura emerxente sobre a importancia da S3 á hora de ampliar as sinerxias entre os diferentes instrumentos con vistas a acadar unha maior eficacia na execución do financiamento e o cumprimento da boa gobernanza. As sinerxias entre os fondos, coma o FEDER, o Horizonte Europa, Next Generation e os fondos nacionais, rexionais e locais teñen a oportunidade de seren capitalizadas por plataformas temáticas S3 creadas para reforzar as capacidades e a toma de decisións baseadas en datos contrastados. Neste sentido, a súa harmonización cos obxectivos S3 pode facilitar unha utilización máis eficaz das sinerxias entre instrumentos (Tsipouri, 2023; Jokalainen e Guerrero, 2023). No entanto, isto só é posible mediante un pensamento estratéxico e o establecemento dun acordo e dirección comúns entre os actores. Así mesmo é preciso capacitar os *stakeholders* para os diferentes xeitos de combinar instrumentos. Neste último punto, a Capacity Building Strand 2b do I3 resulta especialmente importante.

MODELO DE GOBERNANZA

DIMENSIÓN POLÍTICA E ESTRATÉGICA

Consello transfronteirizo
de innovación do Norte de
Portugal e Galicia

DIMENSIÓN OPERATIVA

Comisión
interdepartamental
transfronteiriza de
fondos e axudas

- Reúne a representantes da implementación dos fondos e axudas.
- Aproba o seu réxime de funcionamento.
- Examina as sinerxias entre instrumentos de financiamento e a interoperabilidade dos sistemas de supervisión e avaliación.
- Promove a articulación e a creación de instrumentos conxuntos.

DIMENSIÓN TERRITORIAL

Observatorio de I+D+I

- Supervisa e avalía a dinámica de innovación transfronteiriza
- Fornece datos abertos e análises para fundamentar a toma de decisións estratégicas
- Facilita a difusión de información baseada en datos contrastados e boas prácticas.

Experto
1
Plataforma
colaborativa
1

Experto
2
Plataforma
colaborativa
2

- Actúa como órgano consultivo.
- Facilita opinións sobre a política de innovación transfronteiriza, analiza o proceso continuo de actualización/revisión da RIS3T.
- Aproba plans de acción e propostas de proxectos de innovación.
- Facilita o diálogo entre os *stakeholders* das dúas rexións.

Comisión técnica transfronteiriza

- Encárgase de pór en funcionamento todo o ciclo político da RIS3T.
- Elabora o plan anual de actividades.
- Formula opinións sobre a actualización/revisión da RIS3T.
- Aproba o seu réxime de funcionamento.
- Prepara reunións e materiais para o Consello Transfronteirizo de Innovación.
- Garante a contratación de persoas expertas para as plataformas colaborativas.
- Coordina candidaturas conxuntas para dinamizar o Observatorio de I+D+I.

Experto
n

Plataforma
colaborativa
n

Plataformas colaborativas

- Promoven a colaboración temática a través de procesos de descuberta frecuentes e planificados.
- Elabora documentos para fundamentar as decisións sobre a política de innovación transfronteiriza e plans de acción.
- Dinamiza o diálogo continuo entre *stakeholders*.
- Facilita accións de sensibilización e capacitación.

Proxectos de
investigación


Proxectos de
cooperación
e innovación

Proxectos de
mobilidade

SISTEMA DE SUPERVISIÓN E AVALIACIÓN

DIMENSIÓN OPERATIVA DA SUPERVISIÓN

O sistema de supervisión e avaliación proposto para a RIS3T Norte de Portugal e Galicia 2021-2027 abrangue catro elementos principais, con cadansúas funcións específicas.



DIMENSIÓN DA AVALIACIÓN

3. Plataforma Aberta

Funciona coma un sistema de información transparente, facilitando o acceso a documentos e estudos elaborados no contexto das plataformas colaborativas e foros, e axudando á supervisión da estratexia con ferramentas automatizadas e interoperables.



1. Plataformas colaborativas

Son responsables da dinamización territorial da estratexia e empregan prácticas e metodoloxías para codificar o coñecemento tácito e comunicar a información a través dun sistema de información establecido. Estas plataformas facilitan a creación de valor a través de sesións de traballo estratéxicas e a integración dos *stakeholders* internacionais, empregando a teoría do cambio e a avaliación formativa para facer o seguimento e axustar as súas intervencións.

Input

Acción

Output

Resultado

Impacto

Input

Acción

Output

Resultado

Impacto

Input

Acción

Output

Resultado

Impacto

DESAFÍOS
SOCIAIS

Vías de
transformación
comúns

MISIÓN
COMÚN

Avaliación formativa

Avaliación intermedia

Avaliación *ex post*

